



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INFORMACIÓN CURSO
2020-2021



Tel: 886151031

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesnumero1estrada>

MATRÍCULA 1º ESO CURSO 2020-2021

**O PRAZO PARA PRESENTAR A MATRÍCULA NO CENTRO SERÁ
O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 9:00 A 14:00H**

INFORMACIÓN XERAL

1.- LIBROS DE TEXTO

- O alumnado que cumpra os requisitos establecidos pola Consellería de Educación poderá acollerse ó **fondo de libros de texto**. Os libros deberán recollerse en conserxería a partir do 16 de setembro. Para que o fondo chegue a maioría do alumnado rogámoslle que comuniquen no centro, antes do día 16, os libros dos que xa dispoñen.

2.- APLICACIÓN ABALARMÓBIL (non se enviarán cartas por correo postal)

- O centro vai proceder á **eliminación de envío de cartas de faltas, etc., por correo postal**. Para iso a Consellería pon á súa disposición unha aplicación para poder consultalas.

- Se vostede ten un móbil "intelixente", e ten comunicado no centro o seu número de teléfono móbil (debe facelo agora poñéndoo na folia de matrícula), pode descargar a aplicación gratuíta abalarMóbil, que lle permitirá consultar e **recibir alertas coas faltas de asistencia** do seu fillo/a, **consultar as cualificacións** etc.

3.- A información académica sobre a marcha do alumno/a facilitarase dende o centro ao **seu pai ou á súa nai** (ou titor/titora legal acreditado).

INSTRUCCIÓNS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA

(Os impresos descargaranse da páxina web e deben entregarse grampados)

- 1.- Nos últimos días de xuño chamaranos dende a secretaría do centro para guialos no proceso.
- 2.- Cubrir o impreso de matrícula. **Necesariamente debe estar asinado polos dous proxenitores ou titores legais.** Aqueles pais que estean separados ou divorciados teñen que comunicar esta circunstancia á Dirección do Centro, achegando senteza xudicial ou convenio regulador, e informando de calquera cambio que modifique dita situación legal.
- 3.- Preparar a documentación necesaria (as fotocopias precisas hai que **traelas feitas**; non facemos fotocopias durante o proceso de matrícula. Débese **mostrar** sempre o orixinal para o seu cotexo).
- 4.- Entregar a documentación na conserxería do instituto.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

1.- Impreso de matrícula debidamente cuberto
2.- Senteza xudicial (se é o caso)
3.- Fotocopia do DNI do alumno/a
4.- Fotocopia da tarxeta sanitaria
5.- Dúas fotos (co nome e apelidos por detrás)
6.- Formulario de enfermidades e alerxias
7.- Impresos de autorizacións (voluntario)
8.- Impreso datos relativos ao acceso ás TIC